

ORDE DO 2 DE MARZO DE 2009 SOBRE APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE RODEIRO (PONTEVEDRA).

O Concello de Rodeiro remite o documento do plan xeral de ordenación municipal para a súa aprobación definitiva, conforme ao artigo 85.5 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (en adiante LOUG).

I. ANTECEDENTES

O concello de Rodeiro non dispón de ningún instrumento de planeamento xeral municipal.

O expediente foi tramitado de acordo co previsto no artigo 85 da LOUG, e nel constan:

- Informe desta Consellería previo á aprobación inicial, de data 17/02/2005.
- Certificación do acordo de aprobación inicial, adoptado polo pleno do concello na súa sesión do 30/07/2005, así como o sometemento ao trámite de información pública, que se levou a cabo mediante a publicación de anuncios no DOG nº 169, do 2/09/2005 e nos xornais " La Voz de Galicia" e "Faro de Vigo" os días 2/09/2005, e a audiencia aos concellos de Taboada, Antas de Ulla, Carballedo, Chantada, San Cristovo de Cea, Piñor de Cea, Dozón, Agolada e Lalín.
- Informe favorable da Dirección Xeral de Obras Públicas da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes de data 30/04/2007, en materia de estradas; informe favorable da Deputación Provincial de Pontevedra do 11/10/2005; informe favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Deporte do 27/02/2007; informe favorable do 22/10/2005 do organismo autónomo Augas de Galicia; informe do 15/11/2005 da Consellería de Medio Rural; e informe do 29/11/2005 da *Dirección General de Telecomunicaciones y Tecnologías de la Información del Ministerio de Industria, Turismo y Comercio*.
- Informes emitidos polos servizos xurídico e técnico municipais de data 23/03/2007 e 13/04/2007, respectivamente.
- Certificado do acordo de aprobación provisional, adoptado polo pleno do concello na súa sesión do 24/04/2007.
- Resolución do 1/10/2007 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (publicada no DOG núm. 213 do 5/11/2007), pola que se declara a inviabilidade do sometemento do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Rodeiro aos trámites previstos no artigo 7 da Lei 9/2006 sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.

Mediante Orde de 26/02/2008 esta Consellería acordou, de conformidade co disposto no artigo 85.5.b) da LOUG, non outorgar a aprobación definitiva do plan xeral de ordenación municipal do Concello de Rodeiro, debendo introducirse as modificacións necesarias para corrixir as deficiencias que nela se establecían.

Con data 14/10/2008, o concello de Rodeiro solicita novo informe da Dirección Xeral de Obras Públicas da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, respecto do cambio de aliñacións na estrada PO-533. Esta Dirección Xeral emite informe favorable o 07/11/2008.

O Pleno do Concello de Rodeiro adoptou o acordo de aprobación do documento refundido do Plan xeral de ordenación municipal que cumprimenta a anterior Orde desta Consellería o día 31/01/2009, tralo informe emitido polo servizo xurídico municipal de data 26/01/2009.

O expediente municipal foi remitido a esta Consellería para resolver sobre a súa aprobación definitiva, tendo entrada no rexistro desta en data 06/02/2009.

II. CONSIDERACIÓNS E FUNDAMENTOS

De conformidade co artigo 89 da LOUG, e co artigo 1 do Decreto 188/2008, do 28 de agosto, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, a competencia para resolver sobre a aprobación definitiva dos plans xerais de ordenación municipal lle corresponde á Conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.

A Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo eleva o 2/03/2009 un informe, que se subscribe integramente, no que se fan as seguintes consideracións a respecto da aprobación definitiva do plan xeral de ordenación municipal do Concello de Rodeiro:

1. Para o cumprimento da Orde de data 26/02/2008, o Concello de Rodeiro presenta un exemplar do plan xeral de ordenación municipal no que aparecen corrixidas as deficiencias sinaladas na mesma, coa excepción das ordenanzas en solo rústico, en canto a permitir a lousa como material de cubrición cando a tipoloxía propia da zona é a cubrición con tella cerámica, o que non se axusta aos artigos 42 e 104.c) da LOUG.

A fin de responder a estas obrigas, o artigo 5.1 da normativa do PXOM, no que se recollen as condicións xerais das edificacións en solo rústico, debe eliminar a referencia á lousa como material de cubrición en todos os parágrafos nos que aparece recollida.

2. Así mesmo, nas fichas do solo urbanizable delimitado do documento corrixido non queda acreditado o cumprimento da reserva mínima para vivenda suxeita a algún réxime de protección pública que esixe a lei 6/2008, de medidas urxentes en materia de vivenda e solo, pola que se modifica a LOUG.

De conformidade coa disposición transitoria segunda da citada lei, nos municipios que contan con menos de 5.000 habitantes debe establecerse, para cada sector de solo urbanizable, unha reserva mínima do 20% da edificabilidade residencial prevista para vivenda suxeita a algún réxime de protección pública.

Por tanto, nas fichas dos sectores de solo urbanizable delimitado S.UR.D.R.-1 e S.UR.D.R.-2 debe incorporarse esta esixencia, establecendo un mínimo de 1.566 e 1.334 m² edificables de uso residencial, respectivamente, para vivenda suxeita a algún réxime de protección pública.

III. RESOLUCIÓN

En base ao antedito, RESOLVO,

1º. Outorgar a aprobación definitiva ao Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Rodeiro, de acordo co punto 5.a) do artigo 85 da LOUG, nos seguintes termos:

- No artigo 5.1 da normativa, condicións xerais das edificacións en solo rústico, debe quedar eliminada a referencia á lousa do terceiro e quinto parágrafo do epígrafe relativo a condicións de edificación.

- Na ficha do sector de solo urbanizable S.UR.D.R.-1 debe quedar incorporada a seguinte referencia: " Reserva mínima de vivenda suxeita a algún réxime de protección pública (20% da edificabilidade residencial): 1.566 m2 edificables".

- Na ficha do sector de solo urbanizable S.UR.D.R.-2 debe quedar incorporada a seguinte referencia: " Reserva mínima de vivenda suxeita a algún réxime de protección pública (20% da edificabilidade residencial): 1.334 m2 edificables".

2º. De conformidade co disposto polos artigos 92 da Lei 9/2002, e 70 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o Concello deberá publicar no Boletín Oficial da Provincia a normativa e ordenanzas do plan.

3º. Notifíquese esta orde ao Concello e publíquese no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 2 de marzo de 2009

A CONSELLEIRA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES,

María José Caride Estévez